

Programa de intervención en persoas con trastorno mental

Entidade executante

Asociación Agaja (<http://agaja.org/>)

Ámbito territorial

Abarca as localidades de Padrón, Teo, Ribeira, Milladoiro, Lugo, Ourense, San Cibrao, Vigo, Pontevedra, Gondomar, Bueu, Moaña, Poio, Vilagarcía, Lalín e Porriño.

Persoas destinatarias

Calquera persoa cun diagnóstico de trastorno psicótico ou trastorno de personalidade susceptible de axuda profesional sociosanitaria, sen distincións sociodemográficas.

Prevese unha estimación para o 2023 de 120 persoas beneficiarias.

Obxectivos

Xeral:

Prevención da saúde: fortalecer as redes sociais de apoio/soporte (familia e participación social na comunidade) con fin de chegar a un compromiso ocupacional na persoa en base as súas ocupacións significativas.

Específicos:

Promoción da saúde: Favorecer e potenciar a adquisición de hábitos e rutinas diarias significativas, coa involucramento das súas redes de apoio. Favorecer o desenvolvemento de roles significativos na comunidade.

Metodoloxía

Baseada nos seguintes modelos

Community management rehabilitation (CBR): Ten por obxectivo a mellora/adaptación das contornas ocupacionais comprometidas pola adición.

Assertive Community Treatment: Céntrase na asertividade e na modificación de condutas, hábitos e rutinas a través de sesións psicoeducativas co fin de obter un compromiso co proceso de rehabilitación psicosocial.